



Resolución do 7 de maio de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa Intercambios Escolares EduExchanges de intercambio en liña de alumnado con centros educativos estranxeiros durante o curso 2021/2022.

A comunidade internacional considera o multilingüismo como unha ferramenta moi poderosa para o multilateralismo e a cooperación internacional, tan necesaria ante os retos globais aos que nos enfrontamos. As novas xeracións necesitan oportunidades para acadar un coñecemento o máis profundo posible sobre como viven e como pensan persoas procedentes de culturas e tradicións distintas á propia, xa que isto promoverá a empatía, a valoración e a comprensión mutuas, proporcionando oportunidades para a cooperación. Isto dá mostra da necesidade de fornecer ao noso alumnado, por medio da aprendizaxe activa de linguas estranxeiras, dunha educación para a cidadanía global e dunha educación intercultural para a comprensión internacional. Esta permitirá ao noso alumnado desenvolverse persoal e profesionalmente e, ao mesmo tempo, contribuír ao respecto, o entendemento e a convivencia pacífica entre países e culturas.

En liña con estes propósitos e en resposta aos obxectivos establecidos pola Axenda 2030, ao presente marco normativo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade desenvolve programas de plurilingüismo no ensino non universitario con fin de establecer un marco de relacións internacionais. As liñas estratéxicas desta Consellería contemplan medidas e accións enfocadas a que o alumnado adopte unha actitude positiva de cara ás linguas e ao mesmo tempo aprecie a diversidade cultural e a comunicación intercultural. Estes obxectivos será posible acadalos impulsando a competencia lingüística noutros idiomas do alumnado galego, favorecendo o contacto con alumnado estranxeiro e a internacionalización dos nosos centros educativos, establecendo nexos de unión con centros doutros países.

Dentro das actuacións máis axeitadas para acadar estes obxectivos, contéplase a





promoción dos intercambios en liña entre alumnado de centros educativos galegos e outros centros educativos do estranxeiro, un proxecto que axudará a crear e consolidar proxectos de cooperación educativa e asociacións entre eles. Este tipo de intercambios permite, ademais de favorecer a convivencia e proporcionar o acceso a novas oportunidades de enriquecemento e crecemento persoal e profesional, incidir no desenvolvemento da competencia dixital, axudando ao alumnado a sentirse cómodo utilizando a tecnoloxía para estar en contacto con persoas doutras culturas de forma axeitada e ética. Tamén é unha ferramenta para a aprendizaxe ao longo da vida, xa que o alumnado estará aprendendo e practicando estratexias que lle permitirán establecer vínculos de forma autónoma por medio da tecnoloxía con persoas doutros países, que o axudarán a afrontar posibles situacións futuras e inesperadas.

Considerando que os intercambios escolares son un excelente recurso para a aprendizaxe activa de linguas estranxeiras, un xeito natural para favorecer a convivencia, axudando a desenvolver unha personalidade máis rica e respectuosa cara a outras realidades e culturas, e un motor de impulso para crear e consolidar proxectos de cooperación educativa e asociacións entre centros escolares galegos e doutros países, esta Secretaría Xeral

RESOLVE

Primeiro-. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

A presente resolución ten por obxecto convocar e seleccionar aos centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia beneficiarios do programa de intercambio en liña EduExchanges para realizar un proxecto colaborativo no que afonden no coñecemento mutuo con centros educativos estranxeiros durante o curso 2021/2022.





Segundo.- *Ámbito temporal.*

Poderán beneficiarse desta convocatoria os centros educativos públicos que desenvolvan programas de intercambio virtuais entre o **1 de outubro de 2021 e o 30 de xuño de 2022.**

Terceiro.- *Perfil do alumnado participante.*

1. Poderá participar no programa de intercambio o alumnado galego que estea matriculado en 5º e 6º curso de Educación Primaria, en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO ou 1º de Bacharelato durante o ano académico 2021/2022.
2. O idioma de estudo obxecto do intercambio pode ser a Primeira ou a Segunda Lingua Estranxeira cursada polo alumno ou alumna.
3. O centro educativo será o encargado da selección do alumnado participante no intercambio. Cada centro escolar seleccionará un grupo de alumnos/as. Levantarase acta do proceso de selección do alumnado cos seus nomes que será asinada pola persoa directora e a persoa secretaria do centro educativo.

Cuarto.- *Compromisos dos centros educativos.*

1. Cada centro educativo participante no programa é responsable da selección do alumnado participante. Así mesmo, solicitará ás familias respectivas a aceptación dos compromisos, así como as autorizacións ou consentimentos pertinentes debidamente asinados polos pais, nais ou representantes legais do alumnado, de acordo cos protocolos de actuación desta Consellería. Esta documentación será custodiada nos centros aínda que poderá ser requirida pola Consellería.
2. A participación no programa de intercambio debe estar integrada na programación anual do centro e aprobada polo Claustro e Consello Escolar. Recollerase a participación, planificación e avaliación do programa na Programación Xeral Anual (PXA) mediante a aprobación dunha modificación ou addenda da mesma.
3. Os centros educativos seleccionados para participar no programa ocuparanse dos aspectos organizativos do intercambio do alumnado galego planificando as actividades educativas que consideren oportunas.





4. O intercambio será coordinado por un/unha docente do centro que se responsabilizará do desenvolvemento e seguimento do mesmo.
5. Os centros seleccionados deberán concretar as medidas necesarias para o desenvolvemento do intercambio e interacción co alumnado estranxeiro e contribuirán a que sexa unha experiencia enriquecedora para toda a comunidade educativa.
6. Os centros educativos seleccionados empregarán os servizos educativos dixitais corporativos durante o desenvolvemento do intercambio.

Quinto-. *Compromisos das familias e do alumnado participantes.*

1. O alumnado participante deberá cumprir cos requisitos estipulados no programa de intercambio e, contar coas autorizacións ou consentimentos pertinentes debidamente asinados polos pais, nais ou representantes legais do alumnado, de acordo cos protocolos de actuación desta Consellería.

Sexto-. *Dotación económica.*

1. O financiamento das achegas para o programa de intercambio en concepto de compensación de gastos efectuarase con cargo á partida orzamentaria 10.30.423A.229 por un importe máximo de 100.000 €
2. Haberá un máximo de 200 centros seleccionados de entre todos os centros candidatos. Cada centro seleccionado para o programa de intercambio recibirá a cantidade de 500 € .
3. A dotación económica determinada será transferida á conta bancaria do centro participante no período correspondente ao exercicio económico 2021. O importe concedido a cada centro destinarase a gastos derivados do desenvolvemento do programa.
4. Os gastos derivados do intercambio deberán realizarse antes do 31 de decembro de 2021 e a xustificación destes gastos custodiarase nos centros educativos. As facturas correspondentes aos gastos derivados do intercambio poderán ser solicitadas pola Administración.





Sétimo-. Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes dirixíranse á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e presentáranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar co nome do programa **“Intercambios Escolares EduExchanges”**. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).
2. O prazo de presentación de solicitudes será **dun mes** contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal>.

Oitavo-. Criterios de selección dos centros.

Os centros serán seleccionados conforme os seguintes criterios e puntuación:

1. Proxecto de participación: ata 5 puntos
2. Por contar con programas de plurilingüismo (máximo 10 puntos)
 - a. Ser centro plurilingüe en primaria e /ou secundaria: 6 puntos
 - b. Desenvolver o programa PlurInfantil: 2 puntos
 - c. Desenvolver o programa PluriBach: 2 puntos
3. Por contar con seccións bilingües no centro en funcionamento durante o curso 2020/2021 (máximo 3 puntos)
 - a. 1 ou 2 seccións : 1 punto
 - b. De 3 a 5 seccións : 2 puntos
 - c. Máis de 5 seccións: 3 puntos
4. Pola participación no programa CUALE durante o curso 2020/2021 : ata 1 punto; 0,10 puntos por cada modalidade.





5. Centros situados en concellos rurais, ata 1 punto , segundo o establecido a seguir:

- a. Concellos de menos de 1.000 habitantes: 1 punto
- b. Concellos de entre 1.001 e 3.000 habitantes : 0,75 puntos
- c. Concellos de entre 3.001 e 5.000 habitantes : 0,50 puntos
- d. Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes : 0,25 puntos

Noveno-. Documentación complementaria.

Os centros que desexen beneficiarse do programa de intercambio deberán remitir na forma e no prazo establecido os anexos que se indican a continuación:

- Anexo I: Solicitud de participación no programa.
- Anexo II: Autobarefacción.
- Anexo III: Proxecto pedagóxico do intercambio.

Décimo-. Distribución de prazas.

As prazas ofertadas dividíranse como se detalla:

Educación Primaria	50 prazas
ESO e Bacharelato	150 prazas

No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das etapas educativas, por proposta motivada pola comisión de selección, a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional poderá acordar a redistribución das prazas.

Décimo primeiro -. Procedemento de valoración das solicitudes.

1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade valorará as solicitudes recibidas mediante unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, ou persoa en quen delegue, e integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos, do Servizo de Innovación e Formación de Recursos Humanos, así como por dous asesores ou asesoras técnicas da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, un dos cales realizará as funcións de secretaría.





2. A comisión de selección realizará unha selección dos centros solicitantes conforme aos criterios que figuran no anexo II.
3. A inspección educativa emitirá informe motivado, preceptivo e non vinculante para a comisión, favorable ou desfavorable á solicitude, considerando as variables sobre a viabilidade do proxecto.
4. En caso de producirse un empate, dirimirase atendendo aos seguintes criterios:
 - a) Maior puntuación no criterio 5 do anexo II.
 - b) Maior puntuación no criterio 1 do anexo II.

Décimo segundo-. Resolución provisional.

1. Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, a comisión de selección fará pública a resolución provisional no portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) dos centros beneficiarios do programa de intercambio.
2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.

Décimo terceiro -. Resolución definitiva.

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e deseguido elevará a proposta definitiva á persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.
2. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicárase no portal educativo.
3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de





conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa .

4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Décimo cuarto-. *Xustificación da actividade.*

1. Rematado o intercambio, e antes do 15 de xuño de 2022, os centros participantes deberán presentar ante a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional unha memoria da actividade, segundo as instrucións que estableza esta Secretaría, así como un vídeo resumo das actividades desenvoltas .

Este vídeo terá unha duración máxima de 2/3 minutos e tamaño máximo de 100 Mb.e enviarase exclusivamente a través do servizo **Xuntarquivos**, dentro do prazo establecido, ao enderezo electrónico asesoria.linguasestranxeiras@edu.xunta.gal

Décimo quinto-. *Certificación de participación do profesorado.*

Unha vez rematado o intercambio e entregada a documentación, segundo o disposto na disposición décimo cuarta da presente convocatoria, a persoa coordinadora do programa recibirá un certificado de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

Décimo sexto-. *Datos de carácter persoal.*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo,





determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela,

José Luís Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

